



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



A FP DUAL NA EMPRESA

XUNTA DE GALICIA





Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

A FP dual integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional: formación curricular (específica do ciclo formativo), traballo na empresa e formación complementaria (específica para os procesos produtivos da empresa), combinando a asistencia do alumnado no centro educativo coa súa formación e o seu traballo na empresa.

Os centros e as empresas comparten as responsabilidades formativas para que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral.



Como se formaliza a colaboración entre o centro educativo e a empresa?

Mediante un convenio de colaboración asinado entre a empresa e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Neste convenio recóllense entre outros aspectos: o ciclo formativo obxecto da formación, o centro educativo onde se realiza a formación, o número de persoas acollidas pola empresa, os períodos e os horarios de permanencia na empresa, a remuneración que vaia percibir o alumnado e programa formativo que se vaia realizar na empresa.

Para a elaboración do convenio de colaboración, as empresas poderanse dirixir a calquera centro educativo ou á Subdirección Xeral de Formación Profesional, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no correo sxfp@edu.xunta.es

Cal é o programa formativo na empresa?

Partindo do currículo do ciclo formativo, o centro educativo e a empresa deseñan o programa formativo da empresa axustándose ás posibilidades e ás necesidades de formación da empresa en cada período de formación.

Como se realizan o seguimento e a avaliación da formación na empresa?

O centro designa un profesor ou unha profesora, e a empresa un titor ou unha titora, que serán responsables do seguimento da formación e da coordinación do conxunto das actividades realizadas na empresa. O profesor ou profesora serán os encargados de realizar a avaliación da formación, tendo en conta as valoracións achegadas polo titor ou a titora da empresa.

Cal é a duración dun ciclo formativo na modalidade dual?

Nesta modalidade dual, os ciclos formativos poden distribuírse en dous ou en tres anos.



Cantas horas de formación se realizan na empresa?

Das 2.000 horas establecidas no currículo, un mínimo do 33 % deberase impartir coa participación da empresa.



Cal é o vínculo do alumnado de FP dual coa empresa?


O alumnado pode ter a condición de bolseiro ou ser contratado pola empresa mediante un contrato de formación e aprendizaxe. En calquera caso, o alumnado debe ser incorporado ao réxime xeral da Seguridade Social.




Cales son as cotas empresariais á Seguridade Social?

Se se ten a condición de bolseiro/a, a cotización ao réxime xeral da Seguridade Social está bonificada no 100%.

Nos contratos de formación e aprendizaxe con persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego, as empresas terán dereito a unha redución das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, de accidentes de traballo e doenzas profesionais, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional:



Do **100 %** se o contrato se realiza por empresas cuxo cadro de persoal sexa inferior a 250 persoas.



Do **75 %** para empresas con máis traballadores.

Coa finalidade de financiar os custos da titoría do alumnado, a empresa terá dereito a unha bonificación adicional, con unha contía máxima de **1,5 euros** por alumno e hora de titoría, cun máximo de **40 horas** por mes e alumno. En empresas de menos de cinco traballadores, a contía máxima poderá ser de **2 euros** por alumno e hora de titoría.

Cando a contratación se produza con traballadores inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a redución das cotas consistirá nunha bonificación nas mesmas porcentaxes.

Adicionalmente, as empresas que transformen os contratos para a formación e aprendizaxe en contratos indefinidos terán dereito a unha redución na cota empresarial á Seguridade Social de **1.500 euros/ano**, durante tres anos. No caso de mulleres, esa redución será de **1.800 euros/ano**. No suposto de traballadores inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil a redución das cotas consistirá nunha bonificación.

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non foi destinado á formación: tempo efectivo de traballo. Para o seu cálculo, utilízase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional.(*)

Cales son os requisitos das persoas para acceder á FP dual?

Para acceder a esta modalidade de FP é preciso cumprir os requisitos académicos que se requiren para acceder aos ciclos formativos, dispoñibles no enderezo www.edu.xunta.es/fp, na epígrafe “**Coñece a FP**”, e ademais:

- Ter dezaoito anos ou máis no ano natural en que comece o ciclo formativo.
- Carecer da cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para o poder efectuar.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

Participa a empresa na selección do alumnado?

Logo de verificado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos requiridos para realizar o ciclo formativo, a empresa e o centro educativo colaborarán para realizar a selección do alumnado.

Cal é o valor engadido da FP dual para a empresa?

- A empresa participa activamente no deseño do programa formativo, incorporando os seus procesos e a súa cultura empresarial, cunha maior incidencia na formación práctica do alumnado.
- Constitúe uns dos mellores sistemas de selección de persoal para as empresas, ao participar estas na selección inicial do alumnado, e por ter un coñecemento directo das súas competencias profesionais durante o período formativo.
- Mellora a competitividade, dotando a empresa de capital humano coas mellores habilidades persoais e profesionais, e un alto grao de cualificación.
- A empresa participa da responsabilidade social de fomentar a formación e a empregabilidade das persoas.

Máis información

Departamentos de orientación dos centros educativos
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Subdirección Xeral de Formación Profesional
Edificio Administrativo de San Caetano
Santiago de Compostela

sxftp@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA